

## MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO VISITAS CONTADAS

O MDPS ofrece esta actividade dirixida a grupos de todas as idades, e que ten como obxectivo a divulgación das coleccións do Museo dun xeito **ameno e participativo**.

As visitas contadas mesturan un percorrido guiado polo museo coa tradición dos **contacontos**. O público terá a ocasión de coñecer as pezas expostas e gozar con lendas, anécdotas e curiosidades relativas ao Camiño de Santiago e á propia historia da cidade. Deste xeito, os relatos e a súa riqueza inmaterial que, pola súa natureza, non se poden expoñer nunha vitrina, serán o fío condutor para descubrir todas as historias que os bens culturais non poden contar de viva voz.



### Actividade dirixida a grupos e de balde.

Quen desexe participar deberá reservar previamente no Museo das Peregrinacións e de Santiago:

- **MDPS** (difusión): 881.867.322 [difusion.mdperegrinacions@xunta.gal](mailto:difusion.mdperegrinacions@xunta.gal)
- **MDPS** (sede Praterías): 881. 867.401
- **Páxina web** <https://museoperegrinacions.xunta.gal/es/visita/reservas>

**De seguro será unha gran experiencia.  
Agardamos a vosa visita!**